



CONCELLO DE SANTA COMBA (A Coruña)

DECRETO DA ALCALDÍA NÚM.:

Expte. electrónico: 2020/C003/000001

Departamento: Contratación

Código obra: 19.2001.0745.0

Plano: POS+19 AD2

Contrato: obras

Importe: 35831,67 €

Obra: *Mellora e ampliación de viarios na contorna dos lugares de San Salvador e Vilartide*

Asunto: decreto de inicio expediente contratación

Logo de ver a necesidade de realizar a obra:

Proxecto	<i>Mellora e ampliación de viarios na contorna dos lugares de San Salvador e Vilartide</i>
Valor estimado e IVE	V.E.: 29612,95 €. IVE de 6218,72 € (21 %)
Orzamento de contrata	35831,67 € (21 % incluído)
Prazo de execución	3 semanas
Redactor do proxecto	Jesús Manuel Mallo Puga, enxeñeiro técnico industrial
Colexiado núm.	1178 do COETICOR
Aprobación proxecto	Pleno da Corporación municipal do 27/09/2019
Aprobación plano	Pleno da Deputación A Coruña do 20/12/2019
Implantación previa proxecto	setembro de 2019
CPV	45000000-7: <i>traballos de construción</i> 45233140-2: obras viarias 45233142-6: traballos de reparación de estradas

FEITOS

O Pleno desta Deputación, na sesión ordinaria realizada o 20 de decembro do 2019, aprobou a SEGUNDA E DERRADEIRA FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ADICIONAL 1/2019 POR MAIOR ACHEGA PROVINCIAL) (POS+19 AD2), no marco das súas Bases reguladoras aprobadas polo Pleno da deputación na sesión realizada o 28 de setembro de 2018 e publicadas no BOP nº 188, do 2 de outubro de 2018. Nesta segunda e derradeira fase do POS+Adicional 1/2019 inclúense as solicitudes presentadas polos concellos no segundo prazo establecido ata o 13 de setembro de 2019, coa finalidade de destinar a maior achega provincial asignada a cada un deles para o financiamento de investimentos financeiramente sostibles.

O Pleno da Corporación municipal na sesión do 27/09/2019 aproba o POS+19 AD2, no que se inclúe o proxecto da obra *Mellora e ampliación de viarios na contorna dos lugares de San Salvador e Vilartide*.

O proxecto foi redactado polo enxeñeiro técnico industrial, externo, Jesús Manuel Mallo Puga, colexiado núm. 1178 do COETICOR. O orzamento: 35831,67 € (21 % IVE engadido). O prazo de execución: 3 semanas.

O 27/12/2019, a Deputación provincial da Coruña comunica, de xeito telemático e na plataforma *Subtel*, a circular referente á aprobación do POS+19 AD2.

O 23/01/2020, a Deputación provincial da Coruña, de xeito telemático e na plataforma *Subtel*, a circular complementaria de aprobación definitiva do POS+19 AD2.



A Base 7 das reguladoras do plan establece que os concellos contratarán os investimentos de acordo coa Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE núm. 272 do 9 de novembro de 2017), (LCSP), utilizando os pregos-tipo de cláusulas administrativas particulares que foron aprobados polo Pleno da deputación nas sesións realizadas os días 27 de abril e 25 de maio de 2018, cuxo texto integro está publicado no BOP núm. 82 do 2 de maio de 2018 e no núm. 101 do 30 de maior de 2018 respectivamente, e na páxina web da deputación: www.dacoruna.gal/contratación/documentos.

Os prazos de contratación e execución dos investimentos incluídos nesta 2 e derradeira fase do POS+ adicional 1/2019 (2ª fase) foron ampliados no acordo da súa aprobación ata o 30 de novembro de 2020 e 30 de novembro de 2021, respectivamente.

Na providencia da alcaldía do **04/08/2020** se iniciou o expediente de contratación para a adxudicación da obra, mediante o procedemento aberto simplifícadísimo (artigo 159.6 da LCSP), non suxeito a unha regulación harmonizada, ao abeiro do artigo 131.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (BOE núm. 272 do 09/11/2017), (LCSP).

1 A necesidade, a idoneidade do contrato e a eficiencia na contratación, ao abeiro do artigo 28 e 116.1 da LCSP

- a) O obxecto do contrato: a execución das obras que abrangue o proxecto: *Mellora e ampliación de viarios na contorna dos lugares de San Salvador e Vilartide.*
- b) a finalidade fundamental que se persegue é cumprir e realizar os fins municipais que sinalan os artigos da Lei de bases de réxime local e a Lei de administración local de Galicia como competencias propias e dos servizos mínimos:
 - o artigo 25.1 da LBRL e o artigo 80.1 da LALGA: *promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños;*
 - o artigo 25.2 da LBRL:
 - d) *Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.*
 - o artigo 80.2.d da LALGA: *os parques e xardíns, a pavimentación de vías públicas urbanas e a conservación de camiños e vías rurais;*
 - o artigo 81 da LALGA: *abastecemento domiciliario de auga potable, rede de sumidoiros, acceso aos núcleos de poboación, pavimentación e conservación das vías públicas...*
- c) Os obxectivos específicos do contrato se recollen na xustificación técnica que figura no proxecto. Tamén na memoria xustificativa e na providencia de inicio do expediente.

A contratación deste investimentos mediante un contrato de obras é a forma máis idónea e eficiente para realizar os fins municipais.

2 O procedemento de adxudicación, a xustificación, e a tramitación do expediente

- a) O procedemento de adxudicación: procedemento aberto simplifícadísimo (artigo 159.6 da LCSP), non suxeito a unha regulación harmonizada.
- b) A xustificación da elección do procedemento:
 - O contrato da obra non está suxeito a regulación harmonizada xa que logo o valor estimado non é igual ou superior a 5.225.000 € (artigo 20.1 da LCSP).



CONCELLO DE SANTA COMBA (A Coruña)

- A adjudicación realizarase, ordinariamente, usando unha pluralidade de criterios de adjudicación baseados no principio de mellor calidade-prezo, e usando o procedemento aberto ou o procedemento restrinxido (artigo 131.2 da LCSP).
- O órgano de contratación poderá acordar o uso dun procedemento aberto simplificado nos contratos de obras cando se cumpran o as dúas condicións:
 - a) Que, o seu valor estimado sexa igual ou inferior a 2.000.000 €;
 - b) Que, entre os criterios de adjudicación non haxa ningún avaliable mediante un xuízo de valor, ou de habelos, a súa ponderación non supere o 25 % do total.
- No procedemento aberto todo empresario poderá presentar unha proposición e quedará excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores (artigo 156.1 da LCSP).
- En contratos de obras de valor estimado inferior a 80.000 € e en contratos de subministracións e de servizos de valor estimado inferior a 35.000 €, excepto os que teñan por obxecto prestacións de carácter intelectual, aos cales non será de aplicación este número, o procedemento aberto simplificado poderá seguir a seguinte tramitación:
 - a) O prazo para presentar proposicións non poderá ser inferior a dez días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación do anuncio de licitación no perfil de contratante. Non obstante o anterior, cando se trate de compras correntes de bens dispoñibles no mercado, o prazo será de 5 días hábiles.
 - b) Eximiranse os licitadores da acreditación da solvencia económica e financeira e técnica ou profesional.
 - c) A oferta entregárase nun único sobre ou arquivo electrónico e avaliarase, en todo caso, conforme criterios de adjudicación cuantificables mediante a mera aplicación de fórmulas establecidas nos pregos.
 - d) A valoración das ofertas poderase efectuar automaticamente mediante dispositivos informáticos ou con colaboración dunha unidade técnica que auxilie o órgano de contratación. Garantírase, mediante un dispositivo electrónico, que a apertura das proposicións non se realice ata que finalice o prazo para a súa presentación, polo que non se realizará acto público da súa apertura.
 - e) As ofertas presentadas e a documentación relativa á súa valoración serán accesibles de forma aberta por medios informáticos sen ningunha restrición desde o momento en que se notifique a adjudicación do contrato.
 - f) Non se requirirá a constitución de garantía definitiva.
 - g) A formalización do contrato poderase efectuar mediante a sinatura de aceptación polo contratista da resolución de adjudicación.En todo o non previsto neste punto aplicarase a regulación xeral do procedemento aberto simplificado prevista neste artigo.
- Cando só se utilice un criterio de adjudicación, este deberá estar relacionado cos custos, e poderá ser o prezo ou un criterio baseado na rendibilidade, como o custo do ciclo de vida calculado de acordo co indicado no artigo 148 (artigo 146.1 da LCSP).
- O prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que se usará é o que aprobou o Pleno da Deputación provincial da Coruña, en sesión realizada o 25/05/2018 (BOP núm. 101 do 30/05/2018), xa que logo a obra está incluída nun plano provincial e foi delegada a contratación neste concello. Nos pregos mencionados se determinan os criterios de adjudicación e a valoración que a realizarán os órganos de contratación municipais.
- Para os efectos do cumprimento dos principios de publicidade, concorrência e competitividade, o procedemento aberto simplificado con pluralidade de criterios de adjudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática anunciarase no Perfil de Contratante municipal, ao abeiro do artigo 156.6 da LCSP e a cláusula 10 do PCAP.
- A tramitación: ordinaria.

3 Os criterios de adjudicación.

- 1 A puntuación atribuída por todos os criterios considerados está referida a 100 puntos.
- 2 Os criterios de adjudicación son os que se indican na cláusula 15.1 e o anexo IV do PCAP que rexe a licitación.

A obra ao estar incluída nun plan da Deputación provincial da Coruña os criterios de ponderación e valoración do contrato son que se recollen no anexo IV do prego de cláusulas administrativas que aprobou o organismo provincial na sesión realizada o 25/05/2018 (BOP núm. 101 do 30/05/2018):



CONCELLO DE SANTA COMBA (A Coruña)

ANEXO IV: CRITERIOS DE VALORACIÓN

Tendo en conta que o presente prego ten carácter de prego tipo que rexerá as obras, tanto de Deputación como obras de concellos comprendidas en diversos plans, a puntuación que figura neste parte das seguintes premisas:

De entre os criterios que se indican a continuación sinalarase a puntuación mínima e máxima que se outorga. Cando un criterio non se valore indicárase esta circunstancia.

1º Para cada contrato específico o órgano de Contratación indicará neste prego cal é a puntuación concreta do correspondente criterio de valoración.

2º En todo caso a puntuación atribuída por todos os criterios considerados deberá estar referida a 100 puntos.

FASE II FASE ÚNICA CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS

II.1. OFERTA ECONOMICA

Oferta económica:

Puntuación específica para o presente contrato:

100 puntos

De acordo coa fórmula elaborada, a pedimento da Deputación Provincial da Coruña, pola Facultade de Matemáticas da USC, a súa desagregación, explicación da fórmula e aplicación para o seu coñecemento figura no anexo VIII e na seguinte ligazón: <https://www.dacoruna.gal/valoracion/>

II.2 ESTABILIDADE NO EMPREGO

II.2.1. Porcentaxe de persoal fixo en relación co persoal global da empresa.

Puntuación específica para o presente contrato:

Non se valora

O licitador que, na data de publicación da licitación, segundo a documentación que inclúa no arquivo ou sobre electrónico C, (cláusula 12) conte cunha maior porcentaxe de persoas traballadoras (homes e mulleres) con contrato fixo por tempo indefinido e a xornada completa en relación co total de persoas traballadoras (homes e mulleres) do persoal recibirá a máxima puntuación; o resto dos licitadores puntuaranse proporcionalmente.

II.2.2. Porcentaxe de mulleres en relación co persoal global da empresa

Puntuación específica para o presente contrato:

Non se valora

O licitador que, na data de publicación da licitación, segundo a documentación que inclúa no arquivo ou sobre electrónico C, (cláusula 12) conte cunha maior porcentaxe de mulleres traballadoras con contrato fixo por tempo indefinido e a xornada completa en relación co total de persoas traballadoras fixas do persoal recibirá a máxima puntuación; o resto dos licitadores puntuaranse proporcionalmente.

II.3 IGUALDADE

Existencia de plan de igualdade na data de publicación da licitación

Puntuación específica para o presente contrato:

Non se valora

No caso de que se valore a existencia dun plan de igualdade, a empresa estará obrigada a manter os parámetros de igualdade durante o prazo de execución do contrato.

A empresa que conte con plan de igualdade obterá a máxima puntuación deste criterio, a empresa que non conte con plan de igualdade cualificarase con 0 puntos.

II.4 INCREMENTO DO PRAZO DE GARANTÍA

Puntuación específica para o presente contrato:

Non se valora

Daráselle a máxima puntuación ao licitador que oferte o maior incremento do prazo de garantía e ao resto dos licitadores asignaráselle a puntuación que corresponda como consecuencia da aplicación da proporción correspondente á súa oferta.

Só se valorarán a ampliación do prazo de garantía ata un máximo de 5 anos (é dicir, o prazo inicial de 1 ano máis 4 anos)

Se algunha oferta presenta maior prazo de garantía do previsto no parágrafo anterior terán 0 puntos. No entanto, aínda que se puntué con 0 puntos caso de resultar adxudicatária, a empresa deberá cumprir o prazo de garantía máximo de 5 anos.



CONCELLO DE SANTA COMBA (A Coruña)

II.5 - REDUCION DE PRAZOS (CRITERIO DE CARÁCTER ESPECÍFICO SÓ APLICABLE A AQUELES CONTRATOS NOS QUE QUEDE ESPECIFICADO NA EPÍGRAFE 6 DO CADRO DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO (ANEXO I)).

Proposta de redución de prazos de execución (cláusula 12 do presente Prego):

Puntuación:-

Non se valora

Non se admitirán reducións de prazo superiores a un 50 % e as que incorran nesta circunstancia terán 0 puntos. No entanto, aínda que se puntuán, con 5 puntos as ofertas anteriormente indicadas, caso de resultar adxudicatario deberán executar a obra co 50 % de redución do prazo.

Tomaranse en consideración só as ofertas de redución de prazo que resulten debidamente xustificadas.

Puntuación máxima

Calcularase, en primeiro lugar, a diferenza entre os valores máximo e mínimo de redución de prazos, medidos en días naturais, que representen as ofertas consideradas.

A porcentaxe que signifique esta diferenza con relación ao prazo de proxecto servirá para fixar proporcionalmente o número natural máximo de puntos que se han adxudicar por este concepto. Desta forma, para unha porcentaxe inferior ou igual ao 5 % corresponderá un máximo de 2 puntos; para unha porcentaxe superior ao 5 % e inferior ou igual ao 10 %, 4 puntos; e así sucesivamente, ata un máximo de 10 puntos.

Proceso de puntuación

A continuación, calcularase a media aritmética de todas as reducións de prazo en consideración.


Asignarase 1 punto ás proposicións que se axusten ao prazo de proxecto, un 80 % da puntuación máxima adxudicable ás que iguallen a media aritmética anterior, e un 100% ás que signifiquen a redución máxima. Ás ofertas que representen reducións situadas no intermedio dos 2 tramos así configurados puntuaráselles proporcionalmente aos seus extremos de forma lineal.

Para este segundo proceso de cálculo utilizaranse números de 2 decimais, aplicando os redondeos que por exceso ou defecto correspondan.

Outorgaranse 0 puntos a aquelas ofertas de redución de prazo que non se consideraron debidamente xustificadas.

Nos casos de proposición única presentada debidamente xustificada que non exceda do prazo sinalado en proxecto ou dun conxunto de proposicións que signifique diferenzas de prazo inferiores ao 5% daquel, cualificarase sempre con 1 punto.

Para ilustrar este proceso, incorpórase o seguinte gráfico:



REDUCIÓNS DE PRAZOS
PUNTOS
MÁX.
80% MÁX.

4 O prezo do contrato e o financiamento:

Prezo do contrato		Financiamento e retención de crédito	
Valor estimado	29612,95 €	Estado - MHAP-	0,00 €
IVE	6218,72 €	Xunta de Galicia	0,00 €
Total	35831,67 €	Deputación da Coruña	5605,55 €
		Fondos propios	30226,12 €
Partida orzamentaria	453 61900	Retención de crédito	19/06/2020
Núm. de operación	220200005887	Núm. de referencia	22020000608 22020000609

5 A revisión de prezos

A duración da obra é inferior a dous anos, polo que non procede á revisión de prezos, que se motiva na natureza das obras, ao abeiro do artigo 103.5 da LCSP.

6 División, ou non, por lotes

Este investimento debe ser adxudicado a un único licitador, sen posibilidade de división en lotes, de acordo co establecido no parágrafo 5 da Base 2.3 reguladora do POS+19 e de acordo co contido dos anexos xa presentados por este concello para cada investimento.



CONCELLO DE SANTA COMBA (A Coruña)

A alcaldesa no decreto núm.: do , logo de xustificar os motivos, resolveu non dividir en lotes o obxecto do contrato.

O contrato desta obra non se executará por lotes.

7 Autorizacións sectoriais, se fose o caso. Tributos e proxectos de instalacións

No se precisa ningunha autorización.

O adxudicatario deberá pagar todos os impostos, contribucións, taxas e prezos públicos que pesen sobre o contrato ou, no seu caso, sobre o obxecto do contrato, así como sobre a obtención a licenza de obras ou imposto sobre construcións, obras e instalacións, se procede, e o aboamento de calquera tributo relacionado co establecido no presente apartado.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1 A subscrición de contratos por parte das administracións públicas requirirá a tramitación previa do correspondente expediente, que será iniciado polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos nos artigos 28 e 116.1 da LCSP. Deberá ser publicado no Perfil de Contratante.

2 A duración da obra é inferior aos dous anos polo non procederá en ningún caso a revisión periódica e predeterminada de prezos deste contrato e polo tanto non se aplicará fórmula ningunha de revisión, ao abeiro do artigo 103.5 da LCSP.

Correspóndenlles aos alcaldes e aos presidentes das entidades locais as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministración, de servizos, de xestión de servizos públicos, os contratos administrativos especiais, e os contratos privados cando o seu importe non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de €, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referida aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada, ao abeiro do apartado 1 da Disposición adicional segunda da LCSP.

De acordo con todo o indicado, RESOLVO:

1 Declarar a non procedencia da revisión de prezos que se motiva no prazo de execución das obras que é inferior aos dos anos e na natureza das obras. No PCAP farase constar a non procedencia da revisión de prezos polo motivos indicados arriba.

2 Iniciar o expediente de contratación para a execución das obras mencionadas mediante o procedemento aberto simplifícadísimo, non suxeito a regulación harmonizada, e a tramitación ordinaria.



CONCELLO DE SANTA COMBA (A Coruña)

3 Que, polo departamento de Contratación se incorpore ao expediente os documentos que indican nos artigos 116, 122 e 124 da LCSP:

- o PCAP;
- o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa;
- a elección do procedemento e a dos criterios que se terán en conta para adxudicación do contrato;
- a acreditación da dispoñibilidade de todo o financiamento de distinta procedencia;
- o acordo sobre revisións de prezos;
- a resolución ou acordo de aprobación do proxecto da obra;
- a resolución ou acordo de non dividir en lotes a obra;
- a implantación do proxecto.

4 Incorporar os documentos mencionados e se emitan os informes seguintes:

- da secretaría xeral, que será preceptivo o informe xurídico do secretario na aprobación de expedientes de contratación, modificación de contratos, revisión de prezos, prórrogas, mantemento do equilibrio económico, interpretación e a resolución dos contratos, disposición adicional terceira, apartado 8 da LCSP;
- o de fiscalización pola intervención municipal, de acordo co establecido na disposición adicional terceira, apartado 3 da LCSP.

5 Dar conta deste decreto ao Pleno da Corporación municipal na próxima sesión ordinaria que celebre.

Santa Comba, na data da sinatura dixital

O alcalde

David Barbeira García
(Documento que se asina electronicamente)

Dou fe
A secretaria xeral en acumulación de funcións
(PR da DXAL do 05/08/2020)

Ana Beatriz Oveja Villafañe